

REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS EMPRESA E XUNTA PAS
OEP 2020 - ACTA Nº 2

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos:

José González Groba

Xefe de Servizo de PAS

Jose Fernández Viña

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CCOO, Presidente)

Margarita Turnes Negreira (CCOO)

José Estévez Vázquez (CCOO)

María C Rodríguez Prieto (CCOO)

Roberto Otero Ledo (CIG)

Alejandra Álvarez Silva (CCOO)

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Juan Eduardo Calzado Díaz (CIG)

José Luciano Otero Camiña (CIG)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

XUNTA PAS

Xan M. Cebro Rodríguez (CIG, presidente)

María José Ríos Santomé (CIG)

Sofía Conde Casas (CIG)

José Antonio Gándara Perez (CIG)

María Moreira Sendón (UGT)

María Raquel Iglesias Domínguez (CIG)

José Manuel Sónora Abeijón (UGT)

Teresita Aboal Somoza (UGT)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente)

Rodrigo Alverte Pivida (CIG)

DELEGADA SINDICAL

Rita Velasco Graña (CCOO)

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral e Xunta de Persoal, mantiveron unha reunión ás 11:00h, do 6 de novembro de 2020 na Sala 20 do Campus Remoto, coa seguinte ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación da acta da reunión anterior do 28 de outubro do 2020.
2. Proposta de Oferta de Emprego Público do persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade de Vigo 2020

3. Rolda de intervencións.

1. Lectura e aprobación da acta da reunión anterior.

A Xerenta informa que se incorporou unha alegación á acta achegada pola que UGT expresa a súa conformidade co exposto polo presidente da Xunta PAS. Logo de non haber máis alegacións, apróbase por asentimento a acta nº1 da reunión mantida o 28 de outubro de 2020.

2. Proposta de Oferta de Emprego Público do persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade de Vigo 2020

A Xerenta comeza a reunión dicindo que logo de ter enviada a proposta de OPE e posteriormente as prazas vacantes, non se recibiu ningunha contraproposta por parte dos órganos. Engade que a proposta de xerencia segue a ser a mesma que a presentada na primeira reunión mantida a semana anterior.

3. Rolda de intervencións

O Presidente do CEO lembra que o Comité de Ourense xa manifestara o seu acordo coa proposta de xerencia na anterior reunión.

O Presidente do CEPO di que logo da reunión que tivo o Comité, consideran o posto ocupado por unha persoa indefinida non fixa debería saír por estabilización.


A Xerenta responde que iso non é posible. Aclara que a estabilización é unha figura que se estableceu na Lei de Orzamentos do Estado do 2018 e define que as prazas son de natureza estrutural ocupadas temporalmente nos tres anos anteriores a 31 de decembro de 2017. Estas prazas así ocupadas por persoal laboral indefinido non fixo así como as de promoción interna independente non computan dentro da taxa de reposición porque a lei así o establece.

O presidente do CEPO di que tendo en conta que o vindeiro ano é o último que marca a normativa para a os procesos de estabilización pide que as vacantes se envíen antes do verán. Salvo a puntualización da praza de indefinido non fixo, están de acordo coa proposta da xerencia.

Pablo Álvarez di que coincide co que manifestou Marcos, hai que analizar con tempo as OPE de xeito que se poida valorar se algunhas prazas poden ir en convocatoria de promoción interna independente.

Alejandra Álvarez di segundo lle indica a avogada do sindicato, a praza de indefinido non fixo debería ir por estabilización porque estivo ocupada temporal e ininterrompidamente polo menos tres anos anteriores ao 31 de decembro do ano 2017.

A xerenta explica que a estabilización son prazas de natureza estrutural cos requisitos que marca a lexislación. Cando se contratou á persoa que logo se declara indefinida non fixa, non era unha praza de RPT, polo que logo de saír a sentenza a Administración ten a obriga de adscribirla a unha praza de RPT e darlle a opción de participar nun proceso selectivo computándolle os méritos tal e como marca a sentenza.



Alejandra Álvarez expresa o seu desacordo e di que consultará novamente coa avogada.

O presidente do CEO pide que cando se envíen as vacantes sexa tanto as de laborais como de funcionarios. Por outra banda, en relación ao expresado por Pablo Álvarez de sacar as prazas de promoción interna de xeito independente á OPE, di que iso implica que logo se non se cobren non se poden sumar á libre e ao seu xuízo é un erro que non se debería volver repetir.

Pablo Álvarez escribe no chat que simplemente se refería a estudar cada caso.

O Vicexerente de RRHH, logo de que no chat se faga referencia ao beneficio dos laborais, aclara que este ano como as xubilacións non dan moita marxe, tratouse de pechar unha categoría de persoal laboral xa que para os postos de auxiliar administrativo de funcionarios os números non daban, nin hai opción de promoción interna independente.

María Moreira pregunta se para o vindeiro ano hai un compromiso de que se completen as vacantes de auxiliar administrativo.


A xerenta responde que non quere falar de compromiso, pero que si é pretensión da xerencia ofertar o maior número posible de prazas de auxiliar administrativo.

O presidente da Xunta PAS escribe no chat que logo dos argumentos da xerencia poderían admitir a proposta achegada, sobre todo porque, de levarse a cabo a pretensión o vindeiro ano, o acordo de estabilización marca un 7 % de interinidade na administración e no cadro de funcionarios estarían por debaixo desa porcentaxe. Con todo o exposto, a nivel particular abstense na votación porque existe a posibilidade de acumular as prazas de xubilación para chegar ó 100 % porque o proceso de oposición é longo. Lembra que iso mesmo xa pasou no ano 1999 que se acumularon 94 prazas nunha oferta xa en marcha.

María Moreira manifesta que a UGT tamén se abstén.

Logo do exposto, conclúese que votan a favor da proposta o Comité de Empresa de Ourense e o Comité de Empresa de Pontevedra e abstense a Xunta de PAS.

E sen máis asuntos que tratar remata a sesión ás 12:20h

The image shows two handwritten signatures. The first is in black ink and is a cursive signature that appears to be 'C. Moreira'. The second is in blue ink and is a more stylized signature that appears to be 'Pablo Álvarez'.

